



| PRESENTACIÓN DE MATERIA | |
|-------------------------|----------------------------|
| DEPARTAMENTO | EDUCACIÓN FÍSICA |
| MATERIA | XOGOS E EXPRESIÓN CORPORAL |
| CURSO | 1º ESO |
| PROFESOR/A | Mª JOSÉ MANTEIGA SÁNCHEZ |

| RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS | | | | | |
|---------------------------------|---|----|---------------------------------------|---|-----------------|
| XOGOS E EXPRESIÓN CORPORAL | | | | 1º ESO | |
| CONTIDOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | UD | TÍTULO | DESCRIPCIÓN | TEMPORALIZACIÓN |
| B1.1 B1.2 B1.3 | XECB1.1.1, XECB1.1.2, XECB1.1.3, XECB1.1.4 | 1 | Manifestacións do xogo | O xogo como medio de transmisión cultural e de valores tradicionais e propios de Galiza. Os xogos de mesa como alternativa lúdica para ocupar o tempo de lecer. | |
| B.2.1 B.2.2 | XECB2.1.1 XECB2.1.2 XECB.2.2.1 XECB2.2.2 | 2 | O xogo de cálculo | Desenrolar a mente para a resolución de problemas, matemáticos e non matemáticos | |
| B.3.1. B.3.2. | XECB3.1.1 XECB.3.2.1 XECB.3.2.2. XECB.3.2.1 XECB3.2.2. XECB3.2.3 | 3 | Manifestacións culturais de expresión | Xogos de xestos, mimo. A danza como actividade xogada e medio de expresión corporal Empregar os recursos expresivos do corpo e do movemento para comunicar sensacións, ideas, estados de ánimo e comprender mensaxes dese tipo | |
| B.4.1 B.4.2. | XECB4.1.1 XECB4.2.1. XECB4.2.2 XECB4.2.3. | 4 | A relaxación | Diferenciar técnicas de autoconhecimento, relaxación, e respiración Tomar conciencia do seu propio corpo e experimenta distintos estados de tono muscular en diferentes posturas | |

| ELEMENTOS QUE GARANTEN UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA | |
|---|--------|
| XOGOS E EXPRESIÓN CORPORAL | 1º ESO |
| PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA | |
| <p>A materia ten unha dobre vertente:</p> <p>A) APARTADO TEÓRICO (Conceptual): Este apartado cualificarase mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas (exames) ou orais ▪ Cuaderno de aula, follos de rexistro ▪ Fichas das sesións prácticas elaboradas polos alumnos. Sobre todo aqueles alumnos que pola causa que sexa, debidamente documentada, non poidan participar nelas ▪ Traballos escritos ou en formato dixital relacionados cos contidos da área. <p>En función dos obxectivos xerais da LOMCE valoraranse no apartado teórico os seguintes aspectos: Correcta presentación dos exames, traballos ou materiais escritos elaborados polos alumnos/as</p> | |

- ✓ Correcta expresión (sintaxe) e ortografía.
- ✓ Capacidade de razoamento no referente os procesos de análise e síntese.

Para considerar superada a materia é preciso obter alomenos a cualificación de suficiente (5) neste apartado.

B) APARTADO PRÁCTICO (Procedimental e Actitudinal): Cualificarase este apartado mediante:

- O traballo cotiá dos alumnos nas sesións prácticas. Neste apartado, terase en conta:
 - ✓ A participación na clase e o esforzo persoal.
 - ✓ O traballo en equipo. Actividades de cooperación e colaboración cos compañeiros.
 - ✓ Comportamento e actitude.
 - ✓ Actitudes de respecto cara os compañeiros, profesor, material e as instalacións.
 - ✓ Manifestación de hábitos de hixiene e coidado persoal
 - ✓ Asistencia a clase e puntualidade

Para considerar superada a asignatura é preciso obter alomenos a cualificación de suficiente (5) en cada un dos apartados mencionados.

Unha vez conquerida esta cualificación en todos os apartados de todas as avaliacións, a cualificación final da asignatura será a media aritmética dos resultados obtidos en cada avaliación, sempre e cando –loxicamente- a nota de cada unha sexa superior a 5.

O alumnado que non supere a avaliación trimestral, terá a oportunidade –a discreción da profesora da asignatura- de recuperar a avaliación suspensa mediante una proba escrita, oral, práctica, traballos, en función do que teña pendente. Este examen farase no desenrolo do seguinte trimestre sempre e cando o profesor o considere oportuno.

A valoración das actitudes influirá na cualificación da proba de recuperación. Así, se a actitude mostrada é *negativa ou pasiva* o alumno/a alcanzará como máximo a cualificación final de 5, sempre que aprobe o exame correspondente, nin se fará a media con outras probas se existiran, no resto dos casos aplicarase o baremo que se viña aplicando e mantense a puntuación obtida na proba incluíndo a media con outras se fose pertinente. Esta media mantense nas probas finais do curso.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Aqueles alumnos/as que non superen a asignatura na convocatoria ordinaria de xuño deberán presentarse a convocatoria extraordinaria de setembro, na cal serán avaliados da totalidade dos contidos do curso non superado, podendo incluír polo tanto:

- Exames teóricos
- Exames prácticos
- Traballos escritos ou en formato dixital: xa sean traballos non presentados durante a avaliación ordinaria ou novos propostos polo profesor para a avaliación extraordinaria.

O alumnado coa materia pendente deberá informarse en xuño coa profesora correspondente das particularidades do seu exame de setembro; en principio as porcentaxes a aplicar serán (estas porcentaxes poderían cambiar a discreción da profesora en función do curso/contidos/UD/estándares de aprendizaxe/... desenvolvidos; de aí que o alumno/a deba informarse en xuño coa profesora correspondente). O alumnado coa materia pendente para setembro terá que entregar os traballos non desenvolvidos durante o curso o mesmo día da proba:

- 70% para a avaliación de conceptos teóricos avaliados a través da proba extraordinaria
- 20% para a avaliación de contidos prácticos
- 10% porcentaxe dos traballos achegados

No caso de non ter que entregar traballos as porcentaxes son:

- 80% para a avaliación de conceptos teóricos avaliados a través da proba extraordinaria
- 20% para a avaliación de contidos prácticos

Para considerar superada a materia é preciso obter alomenos a cualificación de suficiente (5) en cada un dos apartados anteriores.

MÍNIMOS EXISIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Para considerar superada a asignatura é preciso obter alomenos a cualificación de suficiente (5) nos apartados Teórico (Conceptual) e Práctico(Procedimental e Actitudinal) . Ademais, deberán observarse os seguintes mínimos:

- Asistencia obrigada ás sesións. No caso de acumular faltas a clase o alumnado ten que xustificar as súas ausencias a través do titor ou directamente ao profesor/a. A xustificación terá que ser a través de documentos oficiais ou no caso de xustificalo con nota paterna/materna e ser reincidente podería ser desestimado pola profesora.
- Puntualidade
- O alumnado ten que realizar a práctica imposta e no caso de ter un problema que lle impida a execución da mesma o ten que xustificar cun documento oficial (dúas sesións sen facer a práctica e sen xustificar levan ao alumno a non poder acadar o aprobado). O alumno/a que por calquera circunstancia non poida realizar a práctica da sesión realizarán unha tarefa alternativa que lles asignará o profesor.
- Se un alumno/a non se presenta ao exame do trimestre (xa sexa ao exame teórico ou ao práctico), deberao xustificar debidamente cun informe médico , dos pais ou titores, facéndolle o exame cando non interrompa o bo desenrolo das clases e non tendo porqué ser antes da avaliación.
- O alumno/a que acumule un número elevado de faltas de asistencia xustificadas poderá ser avaliado, únicamente, a través de contidos teóricos ou traballos.
- Asistencia ás clases de Xogos e Expresión Corporal correctamente equipado coa roupa deportiva e zapatillas de deporte, non se permitirá facer a práctica no caso contrario. Se un alumno non acude as clases coa vestimenta e calzado adecuados non poderá realizar a sesión. O alumno/a que non cumpra co obxectivo da roupa e calzado axeitado non poderá aprobar a avaliación (dúas faltas sen xustificar neste apartado levan ao alumno a non acadar o aprobado nesa avaliación).
- A adquisición de hábitos de hixiene (aseo persoal, cambiarse de roupa,...) é outro aspecto que se valora e se terá en conta na avaliación.
- Actitude nas clases correcta, educada e respectuosa con todos os elementos implicados no proceso de ensinanza aprendizaxe (compañeiros/as, profesorado, material).
- Participación activa e responsable nas actividades de clase.
- Esforzo e superación persoal



- Cooperación e colaboración cos compañeiros/as.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Atopamos diferentes momentos na avaliación de cada UD:

- Avaliación Inicial:** A que nos permite coñecer o nivel de desenvolvemento motor e cognitivo, o nivel das capacidades e coñecementos previos, diagnosticar e predecir. Establecer distintos niveis de ensinanza, agrupar por niveis, diagnosticar onde pode chegar o proceso de ensino-aprendizaxe. Punto de partida dos obxectivos propostos.
- Avaliación Progresiva ou Formativa:** Realízase ao longo do proceso, proporciona información ao alumno sobre o proceso de ensinanza, basease na retroalimentación continua, realizándose probas obxectivas, de observación e habilidades específicas. Motivación constante do alumnado, coñecer a progresión e evolución das súas capacidades, diagnosticar anomalías.
- Avaliación Final:** Realízase ao final de cada un dos niveis propostos e é sumativa. Constata o nivel adquirido, os resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, valora o rendemento final e determina a eficacia do proceso.

Os instrumentos de avaliación son o conxunto de técnicas e documentos que nos facilitan a recollida de informacións e datos sobre as aprendizaxes dos alumnos

- Instrumentos de avaliación referidos ao apartado teórico (conceptual):

Exames/probas escritas/orais (abertas, pechadas ou mixtas)

Cuaderno de aula, follos de rexistro

Fichas das sesións prácticas elaboradas polos alumnos. Sobre todo aqueles alumnos que pola causa que sexa, debidamente documentada, non poidan participar nelas

Traballos monográficos relacionados cos contidos da área ou da UD en cuestión, xa sexan escritos ou en formato dixital.

Etc...

- Instrumentos de avaliación referidos ao apartado práctico (procedimental e actitudinal):

Observación directa e indirecta, sistemática, planificada e rexistrada (da asistencia e puntualidade, da participación/traballo cotiá na clase, do esforzo e superación persoal, do comportamento, das actitudes cara os compañeiros/profesor/material, dos hábitos de hixiene e coidado/aseo persoal, etc...); diario de clase, listas de control, escalas de observación e rexistros anecdóticos, etc...

Os test de condición física.

Probas de habilidade deportiva e motriz, de condición física, de habilidades básicas ou específicas, probas funcionais, probas de execución, etc...

Traballos en equipo, actividades de colaboración e cooperación cos compañeiros, etc...

Exposición de traballos, coreografías, quecementos, etc...

....

- Instrumentos de avaliación referidos a alumnado en situación especial (lesionados, enfermos, validados, deportistas de alto rendemento, exentos parciais/temporais/anuais, etc...):

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación debe englobar os procesos de aprendizaxe experimentados polos alumnos/as, o seu esforzo persoal, o seu estado de condición física, o seu nivel de habilidade motriz, a súa actitude cara ás prácticas de actividades físicas, a súa relación cos demais e co entorno...por iso durante a avaliación trimestral, teranse en conta todos os rexistros de observación e realizarase a cada alumno/a unha ou varias probas prácticas ou teóricas por avaliación, dependendo das unidades didácticas que se desenvolvan:

APARTADO TEÓRICO

CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CONCEPTUAIS: 30%:

APARTADO PRÁCTICO

CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ACTITUDINAIS: 30%.

CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PROCEDIMENTAIS: 40%,

Alumnado en situación especial: Os criterios de cualificación de este alumnado dependerán moito da situación do alumno/a, da UD que se este a desenvolver, da posibilidade ou non de que o alumno realice algun tipo de práctica, etc... pero dun xeito xeral (entendendo que o alumno/a non pode realizar ningún tipo de actividade práctica) os seus criterios de cualificación serán:

APARTADO TEÓRICO

CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CONCEPTUAIS: 70%:

APARTADO PRÁCTICO

CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ACTITUDINAIS E PROCEDIMENTAIS: 30%.

No caso de que nunha avaliación se opte por non avaliar contidos conceptuais de xeito independente o procedemento sería:

APARTADO PRÁCTICO

CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ACTITUDINAIS: 30%

CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PROCEDIMENTAIS: 70%

ASPECTOS A TER EN CONTA:

- Sinalar que nas probas escritas poderase baixar a nota por faltas de ortografía importantes

- Se un alumno/a é atopado copiando nunha proba escrita ou falseando os resultados dunha proba práctica acadará un suspenso na avaliación.
- Se un alumno plaxia un traballo ou unha actividade, xa sexa dun compañeiro, dalgún libro ou de calquera documento dixital suspenderá o traballo ou a actividade cun cero
- Un alumno/a que non entregue os traballos prescritos para ese trimestre non poderá acadar o aprobado.

PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

XOGOS E EXPRESIÓN CORPORAL

1º ESO

PROGRAMA DE REFORZO E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

A cada alumno/a, a principio do curso, entregaráselle un plan de traballo no que consten os contidos dos cales teñen que avaliarse, tanto teóricos como prácticos.

PROCEDEMENTO PARA DEFINIR A PROBA DE AVALIACIÓN

Os alumnos/as que teñan a materia pendente examínanse da mesma ao longo do curso e nas datas que se establezan. Terán que superar tanto a parte teórica como a práctica (ambas ou so unha delas en función do curso e contidos a traballar) empregando para elo varios instrumentos de avaliación como: examen teórico escrito ou oral, traballos, exames prácticos...

OFERTARASE AO ALUMNADO DÚAS ALTERNATIVAS POSIBLES PARA SUPERAR A MATERIA:

- A TRAVÉS DUN PLAN DE TRABALLO (CONVOCATORIA DE XUÑO)
- PROBA FINAL DE PENDENTES EN MAIO/SETEMBRO

PLAN DE TRABALLO

1ª Proba de Pendentes (mes de decembro)

O/A alumno-a deberá realizar un-s exame-s (teórico, práctico ou ambos) na data marcada pola xefatura de departamento en horario de tarde.

Contenidos do-s Exame-s: Será indicados ao alumno no plan de traballo que se lle entregara ao inicio do curso e que el asinara conforme o recibiu.

Asemade nese mesmo acto seranlle entregado-s o libro ou apuntes correspondentes aos contidos teóricos de ser o caso.

O/A alumno-a deberá presentar un traballo según guiión entregado no plan de traballo comentado no punto anterior.

2ª Proba de Pendentes (mes de marzo)

O/A alumno/a deberá realizar un-s exame-s (teórico, práctico ou ambos) na data marcada pola xefatura de departamento en horario de tarde.

Contenidos do-s Exame-s: Será indicados ao alumno no plan de traballo que se lle entregara ao inicio do curso e que el asinara conforme o recibiu.

Asemade nese mesmo acto seranlle entregado-s o libro ou apuntes correspondentes aos contidos teóricos de ser o caso.

O/A alumno-a deberá presentar un traballo según guiión entregado no plan de traballo comentado no punto anterior.

Proba Final de Pendentes (mes de maio)

Se o/a alumno-a entrega os dous traballos correspondentes a 1ª e 2ª proba de pendentes e estos son calificados cunha nota superior a 5, e supera os exames correspondentes realizados nas citadas probas cun 5 non terá que presentarse a proba final.

O/a alumno/a presentárase a este exame so coas partes non superadas ou o traballo non entregado correspondentes a 1ª e 2ª proba de pendentes.

A condición anterior so será aplicable a aqueles alumnos que presentáronse aos dous exames realizados na 1ª e 2ª proba de pendentes (obtido en ambos un mínimo dun 3) e entregaran alomenos un dos dous traballos correspondentes. No caso de non darse estes parámetros, o/a alumno/a será avaliado como calquera outro alumno/a que se presente as probas finais de pendentes.

PROBA FINAL DE PENDENTES EN MAIO

O/A alumno/a deberá realizar un-s exame-s (teórico, práctico ou ambos) na data marcada pola xefatura de estudos no calendario correspondente.

Contenidos do-s Exame-s: Será indicados ao alumno/a no plan de traballo que se lle entregara ao inicio do curso e que el asinara conforme o recibiu.

Asemade nese mesmo acto seranlle entregado-s o libro ou apuntes correspondentes aos contidos teóricos de ser o caso.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Convocatoria para o alumnado que non recupere a materia pendente na convocatoria de maio.

O/A alumno-a deberá realizar un-s exame-s (teórico, práctico ou ambos) na data marcada pola xefatura de estudos no calendario correspondente.

Contenidos do-s Exame-s: Será indicados ao alumno/a no plan de traballo que se lle entregara ao inicio do curso e que el asinara conforme o recibiu.

Asemade nese mesmo acto seranlle entregado-s o libro ou apuntes correspondentes aos contidos teóricos de ser o caso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Se o/a alumno opta polo plan de traballo:

70% Exames teórico-s, práctico-s, ou ambos.

30% Traballos presentados

A nota final sera a media aritmética das cualificacións dos exames e traballos correspondentes a 1ª e 2ª proba de pendentes; independentemente de que foran realizados nas datas da 1ª ou 2ª proba ou na Proba Final de Pendentes de Maio (sempre que se cumprisen as condicións explicitadas no Plan de Traballo).

- Se o/a alumno non opta polo plan de traballo: Proba final de pendentes en maio/setembro

100% Exames teórico-s, práctico-s, ou ambos.



MEMBROS DO DEPARTAMENTO

Asdo.: M^a José Manteiga Sánchez
Xefa de Departamento

Asdo.: Susana García Álvarez